

DERIVA CONTINENTAL: a influencia surrealista

Todo o mundo que vive na zona de Vancouver, coa excepción da xente das Primeiras Nacións, ben eles, ou os seus pais ou avós, viñeron doutra parte. A maioría dos que chegaron primeiro procederon de Europa e deixaron atrás culturas milenarias, pero trouxeron consigo un modo de ver e reaccionar ao mundo baseado nas súas orixes. O que atoparon aquí foi unha diversidade de xente e ideas e unha cultura o suficientemente aberta e receptiva para permitirilles reter canto quixesen ou atopasen útil do seu pasado, pero que tamén os obrigou a innovarse e a adaptarse ás novas condicións que atoparon aquí.

O que se xerou foi unha cultura híbrida na que varias esporas creceron vigorosamente, mentres que outras desapareceron; o europeo fusionouse co asiático e cunha especie de cultura americana que era, pola súa vez, un híbrido. En xeral, os maiores entre a primeira xeración de inmigrantes tenden a aferrarse á súa propia cultura e valores, os mozos entre a primeira e a segunda xeración tenden a modificar as súas propias tradicións co que perciben como valores establecidos e moitos da segunda xeración e a maioría dos da terceira aceptan a establecida cultura híbrida indíxena como súa.

O mesmo pode dicirse dos artistas. Ao esforzarse por pensar de xeito global e actuar de xeito local, a maioría dos artistas abordan as mesmas preocupacións e cuestións globais, pero expresan as súas deliberacións na linguaxe local con que están máis familiarizados. Surrealismo é un termo que se usou, en primeiro lugar, para designar a obra dun número de variados artistas visuais e poetas europeos que, entre as dúas guerras mundiais, resaltaron un enfoque positivo e subxectivo das artes, en oposición á cínica postura antiarte do dadaísmo. Afirmou ter como os seus proxenitores artistas tan distintos como Hieronymous Bosch, Breugel, Goya, Olídon Redon, Georgia De Chirico e March Chagall. Resaltou unha metódica investigación e experimentación persoal para abrir a porta ao subconsciente e imbuír o mundo cotián de experiencia fenomenolóxica das creacións fantasmagóricas de soño e fantasía.

O traballo dos principais artistas surrealistas –Jean Arp, Man Ray, Max Ernst, Rene Magritte, Yves Tanguy, Salvador Dalí, Joan Miró, Paul Delvaux e Paul Klee– é demasiado variado para clasificarse, aínda que se coñecían, cada artista seguiu o seu propio camiño cara á investigación e revelación psíquica. Estes artistas definían un territorio vasto para a súa arte, dende o completamente abstracto ata o superrealismo máis detallado. Por outro lado, as suxestivas abstraccións biomórficas de Arp e as persoais fantasías xestuais xeradas espontaneamente de Klee e Miró provocan confrontación co campo psíquico e liberan asociacións inconscientes no espectador.

Por outro lado, os mundos irracionais e paradoxos –definidos minuciosamente e plasmados de xeito realista– de Magritte, Dalí e Delvaux evocan un sentido do entretecemento inexplicable e, á vez, inmediatamente comprensible entre o consciente e o subconsciente. Algúns dos surrealistas, particularmente Ernst e Man Ray, inventaron técnicas específicas para descifrar revelacións psíquicas e á maioría dos surrealistas interesábanlles as artes psíquicas, tales como a quiromancia, o hipnotismo e a alquimia como portas ao subconsciente.

Coa súa énfase no contido, a investigación psíquica, a relación entre o espiritual e o subconsciente, a liberdade de expresión, o xesto e a primacía da imaxinación, o

surrealismo estableceu a axenda para a maior parte da arte visual do século vinte e introduciu un filón incrivelmente rico de ideas e fontes que aínda se están a explotar proveitosamente por parte dos artistas contemporáneos.

En Vancouver, varios artistas interesáronse no legado surrealista durante os últimos trinta anos. Reuníronse, falaron do seu traballo, exploraron as súas diferentes influencias, desenvolveron o dominio sobre os seus procesos técnicos e exhibiron o seu traballo xuntos. Aprenderon como abrir as portas ás súas imaxinacións, de maneira que as criaturas e acontecementos dentro poidan derramarse e poboa o universo visible.

Algúns destes artistas viñeron doutros países, maiormente de Europa, e as ideas e enfoques que acumularon na súa caixa de ferramentas a medida que viaxaban permaneceron con eles e subministran parte do seu continuo psíquico. Outros membros deste grupo naceron en Vancouver ou noutras partes de América do Norte e viviron aquí durante toda ou a maior parte das súas vidas. Non obstante, eles tamén, neste contexto global con acceso a todo o profundo da historia e todo o ancho da cultura, recolleron ideas e influencias e métodos de traballo provenientes doutras partes e outros tempos.

Dalgún xeito, o movemento de ideas e xentes pola superficie da terra transcorreu en paralelo ao movemento da superficie da terra mesma, as placas continentais separándose da masa de terra primordial e indo á deriva a través de vastos océanos, recollendo anacos dun xeosinclinal aquí, un antigo leito mariño alí, e producindo unha identidade híbrida como un continente ou arquipélago.

En Vancouver estamos no fío onde a placa norteamericana se xunta coa pacífica, onde tensións increíbles pero escondidas fixeron xurdir montañas, onde as fisuras botan gotas de rocha fundida baixo a superficie da codia e onde o detrito transformado que se recolleu durante a viaxe creou un ámbito de superficie que é completamente resultado das subxacentes influencias escondidas.

Edwin Varney, 1999